

RELEMBRO

Texto do poema de Herminia Fariña "Relembro do Hirmán Emigrante"
do libro "Vida e obra dunha poetisa de Meaño" (página 146)
(Vals)

Música: RAFAEL DOVALO

Guión melódico

<intro>

Solm Do7 Fa Rem Solm La7 Rem Re7 Solm

1. Cu-ci-ña dos meus a-
2. Os meus ir-mans echou-

Do7 Fa Rem Solm Do Rem La7 Do7

mo-res far-tu-ra do chan ga-le-go quen te'e le-da noin-ver-ní-o com'un
tan-do ia-quel meu a-bô to-llei-to io meu pai bar-bu-do e for-te i-o meu

Fa Solm Do7 Fa Solm La7 Sib (Si dis)

ber-ce no so-se- go. D'en-destas te-rras lon-xa nas a on- de che- guei de
can-fel com-pa-ñei-ro. A to-dos vos ve-xo ben... cal si fo-ra n'un es-

Mi7 La7 Re La7 Re Sol

ne- no an-que fe-liz an-tr'a loi-ta non sa-bes can-to che lem-bro ...
pe-llo lon-xe moi lon-xe do mar... mais do meu co-ra-zón per-to ...

Re Fa#m Mim La7 Re

non sa-bes can-to che lem-bro ... E can-que d'ós meus fi-llos fa-lo do
mais do meu co-ra-zón per-to ... An-que xa non vol-va'a ti... fo-

Solm La7 Rem Rem La7

xan-tar d'a-que-les tem-pos por Noi-te bo-a e por Pás-coa po-loan-troi-do fre-bei-
gar san-to e ca-ri-ñen-to namen-tras haixaen min vi-da xu-ro-che que non ch'es-

Re7 Sol Sib6 Do7 Fa

re-ño. ain-da de bá-goas meus o-llos mó-llan-se po-lo re-lem-bro
quen-zo. na-men-tras hai-xaen min vi-da xú-ro-che que non ch'es- quen-zo

Rem La7 Sib Solm Do7 Fa La7

ain-da de bá-goas meus o-llos mó-llan-se po-lo re-lem-bro ...
na-men-tras haixaen min vi-da xú-ro-che que non ch'es- quen-zo ...

Sib Solm La7 Rem

xú-ro-che que non ch'es- quen-zo ... Es-... quen-... zo

Solm La7 Rem Sol Solm Re

D.C. y sigue

- ② ¡Cuciña dos meus amores,
fartura do chan galego,
quente e leda no inverno
com'un berce no sosego!

Dend'estas terras lonxanas
a onde cheguei de neno,
anque feliz antr'a loita,
¡non sabes canto che lembro!

E cando ôs meus fillos falo
do xantar d'aqueles tempos,
por Noite-Boa e por Páscoa,
pol'o antroido frebeireño,
¡aínda de bágoas meus ollos
móllanse pol'o relembro!
*¡aínda de bágoas meus ollos
móllanse, pol'o relembro!*

- ④ Os meus irmans rechoutando,
i-aquel meu abô tolleito,
i-o meu pai barbudo e forte,
i-o meu can, fel compañeiro.

A todos vos vexo ben,
cal si fora n'un espello,
lonxe... moi lonxe do mar,
mais do meu corazón perto

Anque xa non volva a tí,
fogar santo e cariñento,
namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!
*namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!*
¡xúroche, que non ch'esquenzo!
(ch'e-squen-zo)